

O ESTATUTO DOS TRABALLADORES

Enlace da páxina oficial do Ministerio de Trabajo e Inmigración
www.mtin.es/es/sec_leyes/trabajo/index.htm

A Ley 8/1980, de 10 de marzo, del Estatuto de los Trabajadores (BOE nº 64, de 14 de marzo de 1984), é a norma principal que rexe os dereitos dos traballadores en España.

A QUEN INCLÚE

- Ós traballadores por conta allea
- En réximes especiais:
 - Cargos de alta dirección que non sexan conselleiros.
 - O servizo do fogar familiar.
 - Os penados nas institucións penitenciarias.
 - Os deportistas profesionais.
 - Os artistas en espectáculos públicos.
 - Os comisionistas ou persoas que interveñan en operacións mercantís por conta de empresario/os sen asumi-lo risco e ventura de aquelas.

A QUEN EXCLÚE

- Ós funcionarios públicos.
- Ós transportistas
- Ós conselleiros ou membros do Consello de Administración de empresas.

- Os traballos familiares, ou a título de amizade ou boa veciñanza, así como as prestacións persoais obrigatorias (coidado de fillos ou dependentes, etc.).
- Os traballos ou operacións mercantís (que asumen o risco da operación).
- O traballo por conta propia (salvo que por lei se aplique algún artigo en concreto).
- O artigo 1.3 g) contén unha excepción xenérica, exclúese do ámbito laboral a todas aquelas relacións nas que non se dean as condicións do artigo 1.1 ET.
- Inicialmente excluía ó persoal civil ó servizo do Ministerio de Defensa, que posteriormente se incorpora con limitacións no dereito de reunión, folga e o exercicio da actividade sindical no interior dos recintos militares.

QUE PROHIBE

- O traballo ós menores de 16 anos salvo a súa intervención en espectáculos públicos.
- O traballo nocturno e as horas extraordinarias ós menores de 18 anos, así mesmo non son elixibles como candidatos nas eleccións sindicais.



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



DEFINICIÓN DE TRABALLADOR

Enténdese por traballador á persoa física que voluntariamente presta os seus servizos en réxime de alleneidade e dependencia a un empregador a cambio dunha retribución. Para ser traballador hai que posuír personalidade xurídica e capacidade xurídica polo que o dereito laboral remítese ás regras do Código Civil ó efecto.